

Pena de Erosa

Outra das lendas que percorre o municipio de Chantada é a de Pena de Erosa. Este lugar, sito na freguesía de Santa Baia de Adá, ten nas súas inmediacións unhas curiosas penedas enclavadas na marxe esquerda da antiga estrada que unía Monforte de Lemos con Lalín. Das mesmas existen multitude de interpretacións e lendas pero hai unha en concreto que co tempo adquiriu maior relevancia; a día de hoxe é a máis estendida entre os do lugar. A mesma cóntanos que unha mouroa, que portaba na súa cabeza unha inmensa pedra, era perseguida con tremenda ansia; no seu camiño atopouse de súpeto unha gran peneda que a nosa protagonista identificou como base para sobre a mesma colocar a que levaba na cabeza. Desde entón xurdiu unha curiosa composición pétreo que aínda hoxe podemos contemplar no preto da mencionada aldea de Pena de Erosa.

